

CARTAS DE SAN VALENTÍN (Premio: tarxeta-regalo de El Corte Inglés 100€)

O Departamento de Dinamización Lingüística, en colaboración con **El Corte Inglés**, organiza un sorteo dunha tarxeta-regalo por valor de 100€ entre o alumnado do IES de Pontepedriña.

Bases para participar no sorteo:

1- Para participar neste sorteo cada alumno/a debe escribir unha carta de amor dirixida a unha persoa pertencente á comunidade educativa do instituto (alumnado, profesorado, administración, servizos auxiliares...)

2- O premio está patrocinado na súa totalidade por **El Corte Inglés Santiago** e será entregado por un representante do centro.

3- A carta deberá estar escrita en galego e por suposto, non pode utilizar unha linguaxe obscena, ofensiva ou humillante. Non se establece tamaño mínimo nin máximo pero si se existen certos criterios que atendan á calidade lingüística: corrección ortográfica e gramatical, presentación coidada, redacción coherente, precisión léxica, interese estilístico...

4- O prazo para entregar as cartas comeza **o día 6 de febreiro de 2017 e remata o 10 do mesmo mes.**

5- Nese prazo e durante o primeiro recreo, entregaráselle as cartas ao alumnado encargado da súa recollida (3ºM) que as colocará nunha caixa de correos, que eles custodiarán, situada na entrada do instituto.

6- O procedemento para participar será o seguinte:

- As cartas poden ser anónimas.

- Cada participante entregará 2 sobres:

- No sobre número 1 introducirase a carta na que se indicará o pseudónimo (e o nome en caso de que o participante desexa desvelalo) e o destinatario (nome, apelidos, curso e grupo). Esta mesma información aparecerá no exterior do sobre.

- No sobre número 2 introducirase unha ficha de participación seguindo o modelo que se adxunta que recolla o nome propio do alumno/a participante e o seu curso e aula. No exterior deste sobre só aparecerá o pseudónimo.

7- Só participarán no concurso as cartas que respecten os requisitos sinalados no punto 3. En caso de dúbida, un xurado formado por profesorado do instituto decidirá cales son as cartas participantes.

8- Durande as 2 primeiras horas de clase do martes 14 de febreiro de 2017, o alumnado de 3ºM entregaralles as cartas a cadanseu destinatario.

9- Durante o segundo recreo dese mesmo día realizarase o sorteo na entrada do instituto. O procedemento será o seguinte:

- O alumno/a máis novo do instituto extraerá unha das fichas entregadas no sobre 2 de entre todos os participantes.

- Un representante de **El Corte Inglés Santiago** entregará nese mesmo momento a tarxeta cun importe de 100€ ao gañador do concurso.

10- A participación no concurso implica a aceptación destas bases.